

INFORMACIÓN SOBRE AS SOLICITUDES PARA UTILIZAR O COMEDOR ESCOLAR NO VINDEIRO CURSO 2023/2024

Todas as familias do alumnado interesado en utilizar o servizo de comedor escolar durante o vindeiro curso 2023/2024 deberán presentar na secretaría do centro un modelo de autodeclaración da renda do ano 2022 (ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS). **Este modelo presentarse no prazo do 05.07.2023 ao 11.07.2023 (ambos incluídos) en horario de 10:00 a 13:00 horas.**

No devandito ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS deberanse indicar os importes resultantes do cálculo ao lado da X, o número de membros da unidade familiar ao lado da Y e a renda neta per cápita familiar ao lado de X/Y. Ademais, deberanse cubrir tódolos datos dos membros da unidade familiar, marcar a casa do tramo de ingresos no que se atope a familia e asinar a solicitude, tanto o declarante como o seu cónxuxe.

Nalgúns casos como poden ser o pago voluntario do prezo máximo por día (4,50 €), o alumnado cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33% ou o alumnado matriculado no centro cando lle correspondería outro polo lugar de residencia, presentarse unha solicitude que se pode recoller na secretaría do centro xunto coa documentación, de ser o caso, que acredite a situación alegada.

Nas seguintes páxinas desta nota informativa inclúense varias aclaracións sobre como determinar correctamente a unidade familiar e a súa renda.

Cabana de Bergantiños, 4 de xullo de 2023

ACLARACIÓNS PARA DETERMINAR CORRECTAMENTE A RENDA ANUAL FAMILIAR:

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por tódalas persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e presentaron a declaración anual do IRPF do ano 2022. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente, que é o habitual, ou ben da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles presentou a declaración anual do IRPF do ano 2022. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentou a declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou a declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais, que deberá, para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas retribucións dinerarias e intereses e restar os importes das casiñas correspondentes a cotizacións seguridade social, retencións procedentes do traballo e retencións procedentes do capital mobiliario.

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non presentaran a declaración anual do IRPF do ano 2022 ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentasen a declaración do IRPF.

CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR:

O concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas (IRPF). Considerarase a unidade familiar á data 31/12/2022.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e se os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1).